

## NOTA DE PRENSA

### GRAVE DESABASTECIMIENTO NOS LABORATORIOS DO CHUAC

A Xunta de Persoal da Área Sanitaria de A Coruña quere denunciar a gravísima situación que se está a dar nos Laboratorios do Complexo Hospitalario Universitario A Coruña (CHUAC) dende a posta en marcha o 19 de marzo de 2014, da **“central loxística”**, isto é, dende a **privatización do servizo de compras de material**.

Dende a **privatización do servizo de compras** estanse a dar unha serie de incidencias na reposición de material sanitario, especificamente dos reactivos necesarios para realizar distintas análises nos Laboratorios: dende o envío de reactivos incompatibles co aparataxe dos laboratorios dos nosos Hospitais, ata unha continuada e sucesiva falta completa de diversos reactivos necesarios para a realización de análises para o diagnóstico e tratamento médico dos doentes.

No laboratorio de Hormonas, faltaron os reactivos durante 3 ou 4 días.

Especialmente grave é a situación do Laboratorio de área de Bioquímica no que onte, 31 de marzo, unhas 400 mostras no se puideron analizar por falta de reactivos para a determinación de ións (Sodio, Potasio, Cloro..). Hoxe estas peticións de analíticas están a ser remitidas aos médicos peticionarios coa anotación de: **“ falta de reactivo por desabastecemento do proveedor”**

E máis alarmante é o que está a acontecer no Laboratorio de Urgencias, onde faltaron diversos reactivos ao longo desta semana, que impediu realizar análises imprescindibles para a diagnose e posterior tratamento de enfermidades agudas e graves (Infarto de miocardio, tromboembolismo pulmonar, sepsis...).

A día de hoxe o Servizo de Urgencias non dispón dos resultados das análises dos doentes que permanecen neste servizo, retrasándose a súa diagnose, o tratamento, o seu ingreso ou a súa alta a domicilio.

Se isto está a pasar, apenas dúas semanas despois da privatización das compras de material, a onde imos chegar...**que máis nos vai faltar?. Cando se privatice o Servizo de Esterilización, que vai pasar...suspenderemos os quirófanos???**

María Jesus Seijo García  
Presidenta da Xunta de Persoal da área Sanitaria de A Coruña  
Teléfono: 607.217.658